

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO, INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS, XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO E ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06**

**1. INFORME DE NECESIDADE.**

**1.1. NECESIDADE QUE SE PRETENDE CUBRIR:**

- **INTRODUCCIÓN.**

Os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas nun prazo de quince anos, de aí que tamén se lles coñeza como Axenda 2030. Os ODS incorporan metas relativas á loita contra a fame, o acceso á saúde e a educación, a igualdade de xénero ou o coidado do planeta. Todas elas inclúen indicadores que entroncan coas competencias municipais, de aí que as administracións locais teñan un papel chave na súa consecución.

O Fondo Galego vén realizando desde 2017 diversos foros para promover a implementación da Axenda 2030 no eido local, achegando exemplos de boas prácticas do panorama internacional que resulten inspiradores para os municipios galegos. Ao tempo, impulsou diversas accións para dar a coñecer os ODS, como exposicións, concursos de murais, materiais promocionais, os Intercambios Galicia-Portugal ou o curso de formación online “Localizando a Axenda 2030”.

Neste senso, un recente estudo da Comisión Europea revela que o xeito de alimentármonos é responsable do 52% do impacto ambiental en España, moi por enriba dos medios de transporte ou da calefacción nos fogares. Cómpre pois modificar os nosos estilos de vida e promover hábitos sustentables, tamén na cociña, para reducir a nosa pegada hídrica e de carbono. Por tanto, o noso consumo diario repercute sobre fenómenos globais como o cambio climático ou a escaseza de auga, dúas das cuestións centrais do proxecto europeo *People and Planet*, actividade dentro do que se enmarca o proxecto.

A nosa dieta ten un gran poder de transformación e pode xerar sistemas alimentarios máis xustos coas persoas e respectuosos co medio. Neste senso, os obradoiros de cociña sostible alíñanse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Non só co ODS 13, sobre o que pivota o proxecto *People & Planet* e que chama a adoptar medidas urxentes fronte a emerxencia climática e os seus efectos, senón tamén con outros como o ODS 12, que avoga por garantir modalidades de consumo e produción sustentables.

Ademais, Nacións Unidas estableceu o 18 de xuño como Día da Gastronomía Sostible, sinónimo dunha cociña que ten en conta a orixe dos ingredientes, como se cultivan e como chegan aos mercados e, finalmente, aos nosos pratos. É dicir, aplícase un enfoque integral que contempla o ciclo de vida dos alimentos. Recoñécese así a gastronomía como unha expresión cultural da diversidade natural e humana, contribuíndo á preservación da vida silvestre e da tradición.

Os obradoiros de cociña desenvolveranse nunha ducia de concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: As Pontes, Ames, Cabana, Cabanas, Carballo, Cariño, Culleredo, Mugardos, Muros, Outes, San Sadurniño e Viana do Bolo.

Para isto, nas condicións que se detallan deseguido, precísase especialización e experiencia no sector, para realizar a proposta dos menús máis axeitados, segundo os produtos de tempada, e execución dos propios obradoiros tendo en conta o impacto ecolóxico e medioambiental.

- **CONCRECIÓN DA NECESIDADE.**

O contrato ten por obxecto o SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL dirixido a grupos de mozas e mozos de entre 15 e 35 anos, aínda que cada concello pode acoutar o rango de idade co que traballar. Cada grupo estará integrado por 15 persoas e pode configurarse a partir dun equipo de traballo xa existente (alumnado de escolas de hostalería, actividades extraescolares, etc.) ou ben lanzar un chamado aberto á participación.

O obxecto do servizo será:

- a. A elaboración de catro (4) menús sinxelos e apropiados para público que conte ou non con coñecementos previos de cociña, priorizando, no entanto, as reflexións sobre os principais aspectos dunha cociña sustentable:
  - Alimentación saudable, equilibrada e inclusiva
  - Produtos de proximidade (km 0) e de temporada
  - Produtos ecolóxicos e certificados
  - Produtos de comercio xusto
  - Redución do consumo de carne
  - Aforro e reutilización da auga
  - Aforro enerxético e emprego de enerxías limpas
  - Aproveitamento dos desperdicios alimentarios
  - Redución e reciclaxe de envases e residuos
  - Louza e/ou utensilios elaborados artesanalmente
  - Posta en valor dos saberes tradicionais e doutras culturas
- b. A execución dos doce (12) obradoiros de cociña sostible, de dúas horas de duración cada un nos concellos de As Pontes, Ames, Cabana, Cabanas, Carballo, Cariño, Culleredo, Mugar dos, Muros, Outes, San Sadurniño e Viana do Bolo (1 obradoiro por cada concello en lugar e data a consensuar con cada concello).
- c. Os menús estarán compostos por produtos coherentes cos aspectos detallados no punto a) e os obradoiros executaranse tamén con dinámicas e metodoloxías igualmente coherentes cos citados aspectos do punto a).
- d. Cada concello facilitará de maneira gratuita á adxudicataria o espazo físico onde executar os obradoiros, e seis deles tamén facilitarán o equipamento preciso para executar os obradoiros, tales como cociñas e o seu equipamento.

**1.2. IDONEIDADE DO CONTRATO PARA A COBERTURA DA NECESIDADE.** O contrato proxectado, nos termos detallados neste documento, é idóneo no seu obxecto e contido para satisfacer as anteriores necesidades.

**1.3. CUMPRIMENTO DE FINS.** Esta contratación resulta necesaria para o cumprimento e realización dos fins do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, conforme ao

previsto no artigo 2 dos seus estatutos, e correspóndese con actividades incluídas no artigo 3 dos mesmos estatutos.

## **2. EXISTENCIA DE CRÉDITO OU FINANZAMENTO DE ABONDO.**

Nos orzamentos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE para o exercicio vixente ten, e reservará, crédito adecuado e de abondo para afrontar os gastos correspondentes a esta contratación, consta partida orzamentaria para esta contratación, en concreto con cargo á subvención outorgada polo programa DEAR da Unión Europea para a execución do programa “*People&Planet: un destino común*”, a executar ata outubro de 2024.

## **3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS.**

A cobertura da necesidade precisa de medios técnicos e humanos debidamente cualificados e formados dos cales, por mor da especialidade do obxecto do contrato, ademais de dedicación temporal e mesmo desprazamentos varios, cunhas características e intensidade que o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE non pode cubrir de maneira directa, debendo acudir á contratación externa.

## **4. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.**

A natureza e obxecto do contrato, nos termos detallados neste documento, non permiten a división en lotes, a cal diminuíría a eficacia da prestación e, en definitiva, da cobertura da necesidade que se pretende cubrir:

- non hai diversas prestacións independentes, senón unha única actuación conxunta con varias fases, e o seu fraccionamento en subprestacións dificultaría, ou mesmo podería chegar a impedir, a correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico
- asemade, a hipotética -e imposible- división en lotes podería dar lugar á execución por unha pluralidade de contratistas, impedindo a correcta execución pola imposibilidade de coordinárense entre elas axeitadamente

## **5. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO.**

- Tense comprobado que o contrato non está suxeito á regulación harmonizada; conforme ao previsto no artigo 22.1.b) da LCSP, o límite fixado pola LCSP para ser considerado harmonizado non se supera, motivo polo que non se considera harmonizado.
- Á vista do tipo de contrato e do seu valor estimado, detallado no punto 7 desta memoria, de acordo co previsto no artigo 318 LCSP e no DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA), a adxudicación do contrato levarase a termo por medio do seguinte procedemento:
  - adxudicación directa
  - tramitación ordinaria (non de urxencia nin de emerxencia)

## **6. ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN.**

As condicións que deberá cumprir a proposta da licitadora, e que terán carácter vinculante para ambas partes e, polo tanto, carácter contractual, serán as detalladas no documento de especificacións técnicas achegado xunto con esta memoria.

## **7. VALOR ESTIMADO.**

BASE: oito mil douscentos sesenta e catro con corenta e seis euros (8.264,46 €).

Os conceptos integrantes do prezo son os custos salariais e téñense calculado tendo en conta o previsto nos convenios colectivo de aplicación.

## **8. DURACIÓN.**

A duración deste contrato será a necesaria para a prestación do servizo, e se estendera dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o remate das tarefas de execución encomendadas á adxudicataria para a realización da actividade, establecéndose como data final o 30 de outubro de 2023, data na cal deberán estar realizados todos os traballos detallados no documento de especificacións técnicas da contratación.

O prazo de execución non será prorrogable en ningún caso.

## **9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Establecerase a adxudicación do contrato atendendo a unha pluralidade de criterios, ao tratarse dun contrato de servizos cuxa definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo das entregas.

Os criterios para a valoración das ofertas presentadas polos licitadores sumarán un total de 50 puntos.

Os criterios cualitativos establecidos permitirán avaliar a mellor relación calidade prezo en canto á cantidade de menús ofertados, que afectará de xeito significativo á súa mellor execución.

Os criterios sociais establecidos permitirán asemade asociar o obxecto do contrato a criterios sociais coherentes cos valores do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e relacionados co obxecto do contrato, en particular ao facilitar a prestación do servizo con persoas en situación ou risco de exclusión social e cun enfoque de igualdade de xénero.

Os criterios seleccionados polo órgano de contratación son:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	50 PUNTOS
<u>CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA</u>	50 puntos

CRITERIO	MÁXIMO
<b>1. OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>40 puntos</b>
Obterá a máxima puntuación a oferta que presente o prezo total (cantidade base + IVE) máis favorable.	40 puntos
O resto de ofertas serán valoradas segundo os seguintes tramos (tendo en conta a base): <ul style="list-style-type: none"> <li>Entre 8.000,00 € a 7.750,01 €</li> <li>Entre 7.750,00 € a 7.500,01 €</li> <li>7.500,00 € ou menos</li> </ul>	35 puntos 36 puntos 37 puntos
<b>2. NÚMERO DE MENÚ DIFERENTES QUE VAI REALIZAR:</b>	<b>6 puntos</b>
1,5 puntos por cada menú que se vaia elaborar alén dos catro (4) esixidos, ata un máximo de 6 puntos.	6 puntos
<b>3. PERSOAL EN SITUACIÓN DE RISCO OU EXCLUSIÓN SOCIAL:</b>	<b>2 puntos</b>
2 puntos pola contratación de persoal en calquera destas situacións contratada a xornada completa en exclusiva para a execución do contrato, conforme Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei), acreditándose na proposta por medio de declaración responsable <sup>1</sup> .	2 puntos
<b>4. EQUIDADE DE XÉNERO na composición do equipo de traballo</b>	<b>2 puntos</b>
Obterán a puntuación aquelas entidades que contén con máis do 50% de mulleres na plantilla adscrita a este contrato, acreditándose na proposta por medio de declaración responsable, e durante a execución do contrato por medio da achega dos contratos laborais correspondentes <sup>2</sup> .	2 puntos

#### 10. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

- e. Base: oito mil douscentos sesenta e catro euros con corenta e seis céntimos (8.264,46 €).
- f. I.V.E. (21%): mil setecentos trinta e cinco euros con cincuenta e catro céntimos (1.735,54 €).
- g. TOTAL: dez mil euros (10.000,00 €).

<sup>1</sup> Durante a execución do contrato esixirase a achega dos contratos laborais correspondentes, sendo o incumprimento desta obriga causa de extinción do contrato por causa imputable á adxudicataria.

<sup>2</sup> Ver nota 1.

#### **11. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.**

Á vista do tipo de contrato, do seu valor estimado e do seu procedemento de adxudicación, e de acordo co previsto no artigo 318 LCSP e no DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA), o órgano de contratación é a Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, ao cal se remite esta memoria para a súa modificación ou aprobación.

Santiago de Compostela (A Coruña), 26 de setembro de 2022



Asdo. Andrea -Manuela Corzo García

Departamento técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

**ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN**  
**DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE**  
**A NIVEL LOCAL EX2022-06**

Acción contemplada dentro do proxecto People&Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea.

## **1. INTRODUCCIÓN.**

Os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas nun prazo de quince anos, de aí que tamén se lles coñeza como Axenda 2030. Os ODS incorporan metas relativas á loita contra a fame, o acceso á saúde e a educación, a igualdade de xénero ou o coidado do planeta. Todas elas inclúen indicadores que entroncan coas competencias municipais, de aí que as administracións locais teñan un papel chave na súa consecución.

O Fondo Galego vén realizando desde 2017 diversos foros para promover a implementación da Axenda 2030 no eido local, achegando exemplos de boas prácticas do panorama internacional que resulten inspiradores para os municipios galegos. Ao tempo, impulsou diversas accións para dar a coñecer os ODS, como exposicións, concursos de murais, materiais promocionais, os Intercambios Galicia-Portugal ou o curso de formación online “Localizando a Axenda 2030”.

Neste senso, un recente estudo da Comisión Europea revela que o xeito de alimentármonos é responsable do 52% do impacto ambiental en España, moi por enriba dos medios de transporte ou da calefacción nos fogares. Cómpre pois modificar os nosos estilos de vida e promover hábitos sustentables, tamén na cociña, para reducir a nosa pegada hídrica e de carbono. Por tanto, o noso consumo diario repercute sobre fenómenos globais como o cambio climático ou a escaseza de auga, dúas das cuestións centrais do proxecto europeo *People and Planet*, actividade dentro do que se enmarca o proxecto.

A nosa dieta ten un gran poder de transformación e pode xerar sistemas alimentarios máis xustos coas persoas e respectuosos co medio. Neste senso, os obradoiros de cociña sostible alíñanse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Non só co ODS 13, sobre o que pivota o proxecto *People & Planet* e que chama a adoptar medidas urxentes fronte a emerxencia climática e os seus efectos, senón tamén con outros como o ODS 12, que avoga por garantir modalidades de consumo e produción sustentables.

Ademais, Nacións Unidas estableceu o 18 de xuño como Día da Gastronomía Sostible, sinónimo dunha cociña que ten en conta a orixe dos ingredientes, como se cultivan e como chegan aos mercados e, finalmente, aos nosos pratos. É dicir, aplícase un enfoque integral que contempla o ciclo de vida dos alimentos. Recoñécese así a gastronomía como unha expresión cultural da diversidade natural e humana, contribuíndo á preservación da vida silvestre e da tradición.

Os obradoiros de cociña desenvolveranse nunha ducia de concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: As Pontes, Ames, Cabana, Cabanas, Carballo, Cariño, Culleredo, Mugardos, Muros, Outes, San Sadurniño e Viana do Bolo.

O público obxectivo do proxecto son as mozas e mozos de entre 15 e 35 anos, aínda que cada concello pode acoutar o rango de idade co que traballar. O grupo, integrado por unhas 15 persoas, pode configurarse a partir dun equipo de traballo xa existente (alumnado de escolas de hostalería, actividades extraescolares, etc.) ou ben lanzar un chamado aberto á participación. Para isto precísase especialización e experiencia no sector, para realizar a proposta dos menús máis axeitados, segundo os produtos de tempada, e execución dos propios obradoiros tendo en conta o impacto ecolóxico e medioambiental.

O proxecto 'People & Planet: un destino común' ten como obxectivo concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2020 e que se prolongará durante catro anos, busca tamén reforzar aos gobernos municipais na promoción de políticas públicas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 19 entidades de oito Estados membros, entre elas o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de Cabo Verde.

## **2. OBXECTO.**

Nese marco, este contrato ten por obxecto a realización de doce obradoiros de cociña, e concretamente:

- Elaboración de un mínimo de catro (4) menús sinxelos e apropiados para todos os públicos, teñan ou non coñecementos de cociña, adaptados á gastronomía típica e produtos locais para ser implementados nos doce concellos nos que se van realizar os obradoiros (un menú por cada concello). Os menús deben estar compostos por, como mínimo, dúas receitas, podendo adaptarse á hora do día no que se leven a cabo (xantar, merenda ou cea). Os menús deben poñer en valor a alimentación saudable, o consumo de alimentos de proximidade e de tempada e o coidado medioambiental. As persoas participantes terán preferentemente entre 15 e 35 anos de idade, cun máximo de 15 persoas. Será o contratista o que aportará todo o material necesario para a realización dos obradoiros, mais a cociña só deberá ser provista nun máximo de seis (6) concellos.
- Execución dos doce (12) obradoiros, un por cada concello, de dúas horas de duración. O lugar concreto e horario de realización será acordado entre a licitadora e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O obradoiros de cociña, ademais de dar mostra das artes culinarias, deberán incidir nos principais aspectos dunha cociña sustentable:
  - Alimentación saudable, equilibrada e inclusiva
  - Produtos de proximidade (km 0) e de temporada
  - Produtos ecolóxicos e certificados
  - Produtos de comercio xusto
  - Redución do consumo de carne
  - Aforro e reutilización da auga
  - Aforro enerxético e emprego de enerxías limpas
  - Aproveitamento dos desperdicios alimentarios
  - Redución e reciclaxe de envases e residuos
  - Louza e/ou utensilios, sostibles, reutilizables ou elaborados artesanalmente



- Posta en valor dos saberes tradicionais e doutras culturas

Exemplo: [Cozinha sustentável com o chef Fábio Bernardino](#)

### 3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓ DO CONTRATO

**3.1. PRESTACIÓNS INCLUÍDAS.** As prestacións incluídas, e ás cales deberá dar completa cobertura a adxudicataria, concréntanse en:

- a) Elaboración de un mínimo de catro (4) menús sinxelos e apropiados para todos os públicos, teñan ou non coñecementos de cociña, adaptados á gastronomía típica e produtos locais para ser implementados nos doce concellos nos que se van realizar os obradoiros (un menú por cada concello). Os menús deben estar compostos por, como mínimo, dúas receitas, podendo adaptarse á hora do día no que se leven a cabo (xantar, merenda ou cea). Os menús deben poñer en valor a alimentación saudable, o consumo de alimentos de proximidade e de tempada e o coidado medioambiental. As persoas participantes terán preferentemente entre 15 e 35 anos de idade, cun máximo de 15 persoas. Será o contratista o que aportará todo o material necesario para a realización dos obradoiros, mais a cociña só deberá ser provista nun máximo de seis (6) concellos.
- b) Levar a cabo unha degustación dos pratos cociñados entre as persoas asistentes.
- c) Elaboración de doce carteis de visibilización por cada un dos doce obradoiros de cociña, para poder facer difusión a través das redes sociais.
- d) Execución dos doce (12) obradoiros, un por cada concello, de dúas horas de duración. O lugar concreto e horario de realización será acordado entre a licitadora e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O obradoiros de cociña, ademais de dar mostra das artes culinarias, deberán incidir nos principais aspectos dunha cociña sustentable:
  - Alimentación saudable, equilibrada e inclusiva
  - Produtos de proximidade (km 0) e de tempada
  - Produtos ecolóxicos e certificados
  - Produtos de comercio xusto
  - Redución do consumo de carne
  - Aforro e reutilización da auga
  - Aforro enerxético e emprego de enerxías limpas
  - Aproveitamento dos desperdicios alimentarios
  - Redución e reciclaxe de envases e residuos
  - Louza e/ou utensilios elaborados artesanalmente
  - Posta en valor dos saberes tradicionais e doutras culturas
  - Exemplo: [Cozinha sustentável com o chef Fábio Bernardino](#)
- e) Tirar fotografías de cada un dos doce (12) obradoiros, que dean conta da realización da actividade.

**3.2. IDIOMA.** Tanto os menús como os carteis e o desenvolvemento dos obradoiros deberá realizarse en lingua galega.

**3.3. DIRECCIÓN TÉCNICA.** A **dirección técnica** para a realización deste contrato corresponde á adxudicataria, que deberá proporlle ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE a persoa designada para exercer esta función durante toda a realización do contrato, quen será a encargada de organizar a execución dos traballos e de pór en práctica as instrucións recibidas do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e será a súa interlocutora única.

Non será posible a substitución da dirección técnica sen a conformidade do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, pero este poderá solicitarlle á adxudicataria, de forma motivada, a designación dunha nova dirección técnica cando se aprecie que a marcha dos traballos non é a adecuada ou concorran outras circunstancias que así o aconsellen.

**3.4. PERSOAL.** O **persoal** estará sometido ao poder de dirección e organización da adxudicataria (retribucións, horarios, instrucións e calquera outro elemento propio da relación laboral) e a todo o ámbito e orde legalmente establecida, sendo por tanto, esta a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria, por canto devandito persoal en ningún caso terá vinculación xurídica nin laboral co FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e todo isto con independencia das facultades de control e inspección que legal e/ou contractualmente corresponden ao mesmo.

**3.5. MEDIOS MATERIAIS.** A adxudicataria achegará todos os medios materiais necesarios para a correcta execución do contrato, incluídos os alimentos que se empregarán para a elaboración dos menús e a provisión de cociña para un máximo de seis (6) concellos. A adxudicataria non estará obrigada a levar cadeiras ou bancos para as persoas asistentes, sendo esta unha responsabilidade do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Sen prexuízo do anterior, cada concello facilitará de maneira gratuíta á adxudicataria o espazo físico onde executar os obradoiros, e seis deles facilitarán tamén o equipamento preciso para executar os obradoiros, tales como cociñas.

**3.6. OBRIGAS.** No presente contrato a adxudicataria cumprirá coas obrigas aplicables en materia ambiental, social e laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito español, os convenios colectivos e as disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado español.

O incumprimento destas obrigas e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pago dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refire o artigo 192 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**3.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS.** A adxudicataria cumprirá coas seguintes obrigas específicas:

- Respecto dos Dereitos Humanos Universais durante todo o proceso de realización dos traballos referidos, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Defensa da igualdade de xénero, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Emprego de materiais de baixo impacto ambiental, acreditándose por medio de declaración responsable.

- Uso do galego na presentación da proposta e na execución de todos os servizos obxecto do contrato, acreditándose por medio de declaración responsable.
- Respecto dos códigos deontolóxicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento.
- Cumprirá coas seguintes obrigas específicas derivadas do convenio de colaboración suscrito entre a Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade e o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, dentro do que se enmarca a presente actividade: a entidade adxudicataria comprométese a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións enmarcadas no presente contrato, polo que deberá incorporar os logos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, do programa DEAR da Unión Europea e do proxecto People & Planet.
- A adxudicataria debe garantir que a titularidade dos dereitos de explotación dos documentos entregados corresponderá ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE con carácter exclusivo, sen prexuízo dos dereitos que este outorgue aos concellos nos que se teña prestado o servizo.
- Os gastos de transporte, viaxes, aloxamento e mantemento do persoal da adxudicataria serán por conta de este.
- A adxudicataria disporá dos medios técnicos e persoais necesarios para a realización da prestación dun servizo de calidade.
- A adxudicataria coidará a limpeza da instalación na que se levará a cabo o obradoiro e devolverao nunhas condicións adecuadas e óptimas de hixiene e mantemento, ao igual que a dotación de material que nela se atopa. Asemade, retirará o lixo que se xere co cociñado, promovendo a reciclaxe.
- A adxudicataria responsabilizarase de chegar coa suficiente antelación ao lugar no que se vai realizar o obradoiro para preparar previamente todos os materiais e alimentos antes do inicio deste.

#### **4. REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA E A SÚA ACREDITACION.**

**4.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.** Os requisitos mínimos de solvencia económica e financeira consistirán nun dos dous seguintes e poderán acreditarse dunha das dúas seguintes maneiras:

- Ou ben o volume anual de negocios dun mínimo de DOCE MIL TRESCENTOS EUROS (12.300,00 €), referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades da licitadora e a data límite de presentación das ofertas, acreditándose por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a licitadora estivese inscrita en devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrita. Os empresarios e as empresarias individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.
- Ou ben o xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a OITO MIL TRESCENTOS EUROS (8.300,00 €), vixente ata o fin do prazo de presentación das ofertas, achegando ademais o

compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido pola licitadora ou candidata/o que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de subscripción, en caso de resultar adxudicataria, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles. A acreditación deste requisito efectuarase por medio dun certificado expedido pola entidade aseguradora no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, así como a través do documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro nos casos que proceda.

**4.2. SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL.** Os requisitos mínimos de solvencia técnica e profesional consistirán en coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade acreditándose cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Para determinar que un traballo ou servizo é de igual ou similar natureza ao que constitúe o obxecto do contrato, consideraranse os CPV *55321000-6 Servicios de preparación de comidas*, *55322000-3 Servicios de elaboración de comidas* ou *80000000-4 Servicios de ensino e formación* (estes últimos sempre e cando o obxecto do ensino ou formación estea directamente relacionado co obxecto deste contrato), así como calquera código do CNAE 2020 ou do IAE relacionado cos anteriores CPV ou cos servizos obxecto deste contrato.

## **5. PRAZO DE EXECUCIÓN**

A duración deste contrato será a necesaria para a prestación do servizo, e se estendera dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o remate das tarefas de execución encomendadas á adxudicataria para a realización da actividade, establecéndose como data final o 30 de outubro de 2023, data na cal deberán estar entregados todos os documentos detallados no documento de especificacións técnicas da contratación.

O prazo de execución non será prorrogable en ningún caso.

## **6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN**

BASE: oito mil douscentos sesenta e catro con corenta e seis euros (8.264,46 €).

IVE: mil setecentos trinta e cinco con cincuenta e catro (1.735,54 €)

TOTAL: dez mil euros (10.000,00 €)

## **7. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS**

A proposta deberá recibirse antes das 15:00 horas do día 19 de outubro de 2022 a través de ficheiro ZIP protexido con contrasinal no enderezo electrónico [info@fondogalego.gal](mailto:info@fondogalego.gal).

## **8. CONTIDO DA PROPOSTA E DOCUMENTACIÓN**

Cada licitadora poderá presentar unha única proposta.

A proposta poderá presentarse en galego ou castelán.

A proposta deberá remitirse nun correo electrónico titulado **SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06**.

Dentro do ZIP protexido con contrasinal deberanse incorporar os seguintes seis (6) documentos, debendo achegarse todos e sen poder incluírse máis:

**a. Documentación acreditativa da personalidade xurídica:**

- I. Para persoas físicas, DNI.
- II. Para persoas xurídicas, acta de constitución, estatutos, inscrición rexistral e documento acreditativo do poder de abondo de quen presenta e asina a proposta e os anexos I e II.

**b. Anexo I: solicitude e declaración responsable asinada, SEN NINGUNHA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA.**

**c. Anexo II: Oferta económica e doutros criterios avaliábeis de forma automática asinada (Anexo II), SEN NINGUNHA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA.**

**d. Certificado expedido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria**

**e. Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia**

**f. Certificado expedido pola Tesorería General de la Seguridad Social**

**9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

- a) O contrato adxudicarse directamente á licitadora con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato á proposta máis vantaxosa conforme aos criterios detallados neste prego.
- b) O órgano de contratación é a Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.
- c) O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE ten a facultade de declarar a adxudicación deserta cando non se presentaron ofertas ou non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios fixados para a contratación, sen que xere dereitos algúns aos ofertantes.
- d) Rematado o prazo de recepción de ofertas, o 25 de outubro de 2022 ás 10:00h no lugar e forma que notificará ás licitadoras o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE abrirá en acto público os documentos de cada proposta presentada, para o que se solicitará previamente a cada licitadora o contrasinal dos arquivos ZIP.
- e) Revisada a súa corrección formal e de fondo e da documentación correspondente, e acordadas polo órgano de contratación as licitadoras admitidas e as excluídas, procederase de inmediato e en unidade de acto á avaliación dos criterios avaliábeis de forma automática e á formulación da correspondente proposta de adxudicación e adopción da decisión que corresponda.
- f) A xuntanza do órgano de contratación poderá ser presencial ou poderá celebrarse por calquera dos mecanismos previstos polo artigo 3 do *Real Decreto-ley 34/2020, de 17 de novembro, de medidas urgentes de apoio a la solvencia empresarial y al sector energético, y en materia tributaria*, ou calquera outra normativa vixente no momento de se celebrar a mesma, e respectando todos os requirimentos impostos polas autoridades competentes para o caso de se manter a situación de emerxencia sanitaria galega, ou outra situación excepcional debidamente declarada polas respectivas autoridades competentes.
- g) Á xuntanza do órgano de contratación poderán asistir como convidado, a petición de calquera membro do órgano de contratación, con voz e sen voto, o persoal técnico que

aquel considere oportuno, en particular quen teña/n efectuado a avaliación da proposta técnica ou a asesoría xurídica.

h) Licitadoras e adxudicatarias serán notificadas do resultado vía correo electrónico.

## 10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios obxectivos que permitirán baremar as ofertas presentadas serán os seguintes:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	50 PUNTOS
<u>CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA</u>	50 puntos

CRITERIO	MÁXIMO
<b>1. OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>40 puntos</b>
Obterá a máxima puntuación a oferta que presente o prezo total (cantidade base + IVE) máis favorable.	40 puntos
O resto de ofertas serán valoradas segundo os seguintes tramos (tendo en conta a base):  Entre 8.000,00 € a 7.750,01 €: 35 puntos Entre 7.750,00 € a 7.500,01 €: 36 puntos 7.500,00 € ou menos: 37 puntos	37 puntos
<b>2. NÚMERO DE MENÚS DIFERENTES QUE VAI REALIZAR:</b>	<b>6 puntos</b>
1,5 puntos por cada menú que se vaia elaborar alén dos catro (4) esixidos, ata un máximo de 6 puntos.	6 puntos
<b>3. PERSOAL EN SITUACIÓN DE RISCO OU EXCLUSIÓN SOCIAL:</b>	<b>2 puntos</b>
2 puntos pola contratación de persoal en calquera destas situacións contratada a xornada completa en exclusiva para a execución do contrato, conforme Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei).	2 puntos
<b>4. EQUIDADE DE XÉNERO na composición do equipo de traballo</b>	<b>2 puntos</b>
Obterán a puntuación aquelas entidades que contén con máis do 50% de mulleres na plantilla adscrita a este contrato, acreditándose por medio de declaración responsable.	2 puntos

Como criterios de desempate seguiranse, por esta orde:

1º. Os previstos no artigo 147 LCSP e na orde prevista no citado artigo.

2º. Ter no seu cadro de persoal un número de traballadores e traballadoras fixo con discapacidade superior ao 2 por 100, mesmo cando isto non sexa un requisito esixido pola lei.

3º. Maior porcentaxe de traballadores e traballadoras fixo con discapacidade no seu cadro de persoal.

4º. O derradeiro e definitivo criterio de desempate será o sorteo.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate achegarase no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

## **11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

1. O contrato formalizarase por escrito no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción da notificación de proposta de adxudicación, sempre e canto se teña achegada toda a documentación acreditativa da capacidade de obrar, da ausencia de prohibicións para contratar, da solvencia e mais daqueles aspectos expostos nas declaracións responsables que non tivesen sido achegados, en particular a documentación acreditativa do volume de negocios ou das contratacións do seguro, se fose o caso, dos traballos efectuados, do IAE e, se fose o caso, das contratacións laborais.

2. Asemade, a obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social deberá cumprirse:

- no momento de presentar a proposta por parte da licitadora
- ademais, no momento de asinar o contrato, para o caso de ser adxudicataria

A documentación acreditativa (certificados expedidos pola *Agencia Estatal de Administración Tributaria*, pola Axencia Tributaria de Galicia e pola *Tesorería General de la Seguridad Social*) deberá referirse a ambos momentos, é dicir, á data de presentación da proposta por parte da licitadora e máis á data de sinatura do contrato por parte da adxudicataria.

Para o caso de non achegar a documentación referida a un momento (presentación da proposta) ou a outro (sinatura do contrato), entenderanse incumpridas as condicións contractuais e deixarase sen efecto a adxudicación, pasando automaticamente á seguinte licitadora.

3. Non se admitirá a cesión nin a subcontratación das actividades obxecto do contrato.

4. Se o contrato non se formaliza no período establecido por calquera causa imputable ao adxudicatario, o FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE pode acordar a resolución do mesmo. Tamén poderá resolvelo en caso de reiteradas deficiencias na execución do servizo, falsidade comprobada nos datos aportados ou introdución de modificacións sen autorización previa. Son tamén causas de resolución do contrato: non gardar sxiilo nas actuacións, o abandono do servizo e a inclusión do contratista nas prohibicións de contratar ou incompatibilidade conforme á normativa vixente e/ou ás condicións do presente prego.

5. O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE deberá ser indemnizado polos danos e perdas ocasionados pola resolución do presente contrato cando as causas sexan imputables á adxudicataria.

## **12. INCUMPRIMENTOS E PENALIDADES OU SANCIONES.**

12.1. O incumprimento das obrigas previstas no presente prego poderá dar lugar á imposición de penalidades, á prohibición de contratar dos empresarios ou empresarias, ou á resolución do contrato naqueles supostos en que o seu incumprimento se cualifique como infracción grave.

12.1. Especificamente estableceranse as seguintes penalidades ou sancions en función dos incumprimentos que puidesen producirse:

12.1.1. Por demora na execución: a penalidade establecerase de conformidade co establecido no artigo 193.3 da LCSP.

12.1.2. Por cumprimento defectuoso. Considerarase como defecto grave e imporanse penalidades, o cumprimento defectuoso do obxecto do contrato nos seguintes casos:

- a) Cando se produzan erros no proceso de diagnose ou planificación ou incoherencias graves entre ambos, especialmente cando para unhas circunstancias substancialmente idénticas se propoñan accións substancialmente diferentes, de non haber unha motivación de abondo. Nestes casos imporase, unha penalidade económica do 10% do prezo do contrato por cada erro, IVE excluído.
- b) Por incumprimento por parte do adxudicatario da obriga recollida no artigo 196.1 da LCSP de indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Imporase unha penalidade económica do 10% do prezo do contrato por cada persoa non indemnizada, IVE excluído.
- c) Por incumprimento dos compromisos contraídos respecto dos medios materiais e persoais. Considerarase como defecto grave o incumprimento do compromiso de adscrición dos medios persoais establecidos ao contrato. Neste caso imporase una penalidade económica do 20% do prezo do contrato, IVE excluído.

12.1.3. Por incumprimento de obrigas. Considerarase como defecto grave o incumprimento das obrigas da adxudicataria que foron consideradas nos criterios de valoración, en concreto:

- Realización dos traballos de forma distinta á metodoloxía e procedemento presentado.
- Utilización dun esquema distinto ao que foi valorado.
- Realización dun modelo documento de planificación distinto ao que foi valorado.
- Desenvolvemento do servizo por persoal diferente do indicado, en particular a non contratación da/s persoa/s en situación ou risco de exclusión social que, no seu caso, tivesen comprometido.

Nestes casos, imporase, unha penalidade económica do 10% do prezo por cada incumprimento do contrato, IVE excluído.

12.2. A imposición de calquera penalidade como consecuencia dos incumprimentos establecidos nos apartados anteriores, realizarase previa tramitación do oportuno expediente



administrativo que se incoará a este único efecto, no que quedará garantida a audiencia da adxudicataria con carácter previo á resolución.

### **13. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

Os datos persoais recadados na presente licitación serán tratados, na súa condición de responsable, polo FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, coa finalidade de xestionar a contratación do servizo. A base xurídica do tratamento é o cumprimento de obriga legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Os datos conservaranse polo período legal esixido polas normativas laboral, fiscal e civil. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Rúa Varsovia, 4C – 6º andar (Área Central), CP 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). A autoridade de control competente é a Axencia Española de Protección de Datos.

### **14. RÉXIME XURÍDICO.**

1. Este contrato rexerá polo previsto no libro terceiro, título primeiro (artigos 316 e ss.), e concordantes, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
2. En particular, os efectos e extinción do contrato se rexerá polas normas de dereito privado, sen prexuízo da aplicación do disposto no artigo 319.1 da mesma norma; e a súa adxudicación efectuarase conforme aos requisitos e procedemento detallados neste prego.
3. O réxime de recursos será o previsto no artigo 44.6 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

E calquera cuestión litixiosa non susceptible do recurso indicado no parágrafo anterior quedará sometida á xurisdición dos xulgados e tribunais do partido xudicial de Santiago de Compostela (A Coruña).

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE

---

**1. IDENTIFICACIÓN**

NOME E APELIDOS / DENOMINACIÓN  
SOCIAL

N.I.F.

DOMICILIO SOCIAL

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NOME E APELIDOS DA  
REPRESENTANTE

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE DA  
REPRESENTANTE

DATOS DO DOCUMENTO DE  
APODERAMENTO (lugar, data)

ENDEREZO POSTAL DE CONTACTO (só  
se fose diferente ao domicilio social)

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO  
(só se fose diferente ao enderezo  
electrónico da licitadora)

**2. DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade á que represento:

1. Coñece o documento de **ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06**, acción contemplada dentro do convenio de colaboración asinado entre o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, dentro do programa People & Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, e acepta íntegra e incondicionalmente o seu contido e comprométeme a executar o contrato de referencia con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados, e declara a exactitude e veracidade de todos os documentos presentados e o cumprimento de todas e cada unha das condicións para a contratación.
2. Ten solvencia económica e financeira de abondo, para o que se presenta **(marcar con X unha das dúas opcións e, de marcar a primeira, encher os datos relativos a cada "ano" e "importe")**:

- Declaración responsable de que o volume de negocios referido aos tres últimos exercicios pechados dispoñibles é o seguinte (non achegar ningunha información probatoria relacionada con este punto, xa que só será esixida á adxudicataria):**

Ano \_\_\_\_\_ Importe:

Ano \_\_\_\_\_ Importe:

Ano \_\_\_\_\_ Importe:

- Declaración responsable de que dispón de seguro de responsabilidade civil nos termos esixidos polo punto 4.1. do prego.**

3. **Ten solvencia técnica e profesional de abondo**, para a execución do correspondente proxecto, para o cal declaro que os principais traballos realizados durante os tres últimos anos teñen sido os que se relacionan **(non achegar ningunha información probatoria relacionada con este punto, xa que só será esixida á adxudicataria)**:

OBXECTO DA ACTIVIDADE	IMPORTE	ANO	CLIENTE (DE SER O CASO)	CÓDIGO (Listado CPV)

4. Na data da presentación desta solicitude, **atópase ao corrente** no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o que achega **(obrigatorio presentar a seguinte documentación)**:

- Certificado expedido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria
- Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia
- Certificado expedido pola Tesorería General de la Seguridad Social

5. A data de inicio da sinatura do contrato comprométese a **estar de alta e inscrita no epígrafe correspondente no Imposto de actividades económicas (IAE) e ao corrente do seu pagamento.**

6. Na data de presentación desta solicitude **non incorre en ningunha das prohibicións para contratar conforme á Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.**

7. **Comprométese a cumprir coas obrigas** aplicables en materia ambiental, social e laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito español, os convenios colectivos e as disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado español.

8. Comprométese a **respetar os Dereitos Humanos Universais** durante todo o proceso de realización dos traballos referidos, así como a defender a igualdade de xénero e a empregar materiais de baixo impacto ambiental.

**IMPORTANTE:**

- **NON SE PRESENTARÁ NINGUNHA OUTRA DOCUMENTACIÓN a maiores fóra da esixida neste anexo, é dicir, presentarase só:**
  1. Este ANEXO I enchido e asinado.
  2. Certificado expedido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria
  3. Certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia
  4. Certificado expedido pola Tesorería General de la Seguridad Social

**Será requirida a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, e do IAE, única e exclusivamente á licitadora proposta como adxudicataria.**

.....de.....de.....

(Sinatura)

---

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

Responsable do tratamento: FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Fins do tratamento: xestión dos expedientes de contratación pública do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. Base xurídica do tratamento: cumprimento de obrigación legal derivada da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. Persoas destinatarias: os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. Período de conservación: período legal. Dereitos: ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. Máis información: <https://fondogalego.gal/>

**ANEXO II**  
**MODELO DE PROPOSICIÓN DE OFERTA ECONÓMICA E DOUTROS**  
**CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE**

---

NOME E APELIDOS / DENOMINACIÓN  
SOCIAL

N.I.F.

DOMICILIO SOCIAL

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

NOME E APELIDOS DA REPRESENTANTE

D.N.I./N.I.E./PASAPORTE DA  
REPRESENTANTE

DATOS DO DOCUMENTO DE  
APODERAMENTO (lugar, data)

ENDEREZO POSTAL DE CONTACTO (só  
se fose diferente ao domicilio social)

CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO  
(só se fose diferente ao enderezo  
electrónico da licitadora)

**MANIFESTA**

Que coñece o documento de **ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06**, acción contemplada dentro do convenio de colaboración asinado entre o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, dentro do programa People & Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, e, ademais:

1. Efectúa a seguinte oferta económica **ESPECIFICAR, EN LETRA E NÚMERO:**

Base: (en letra) (en número €)

IVE: (en letra) (en número €)

Total: (en letra) (en número €)

Para todos os efectos, esta oferta abrangue non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado

imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido na normativa vixente.

2. Elaborará o seguinte número de menús diferentes: **ESPECIFICAR, EN LETRA E NÚMERO.**
3. Dedicará á execución do obxecto do contrato o seguinte número de **persoas en situación ou risco de exclusión social** contratadas a xornada completa en exclusiva para a execución do contrato, conforme Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei): **ESPECIFICAR, EN LETRA E NÚMERO**
4. O equipo de traballo adscrito á execución do contrato está conformado por:
  - a. Total persoas do equipo: **ESPECIFICAR, EN LETRA E NÚMERO**
  - b. Total de mulleres no equipo: **ESPECIFICAR, EN LETRA E NÚMERO**

**IMPORTANTE:**

- **Para o caso de non encher algún dos catro (4) criterios, asignaranse cero (0) puntos a ese criterio.**
- **NON SE PRESENTARÁ NINGUNHA OUTRA DOCUMENTACIÓN a maiores fóra da esixida neste anexo, sendo requirida a documentación acreditativa do manifestado única e exclusivamente á licitadora proposta como adxudicataria.**

.....de.....de.....  
(Sinatura)

---

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

*Responsable do tratamento:* FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. *Fins do tratamento:* xestión dos expedientes de contratación pública do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. *Base xurídica do tratamento:* cumprimento de obrigações legais derivadas da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. *Persoas destinatarias:* os datos persoais poderán ser facilitados a terceiras entidades en función dos fins descritos, en particular ás autoridades tributarias e laborais, á Xunta de Galicia como subvencionadora, e aos concellos obxecto dos plans. *Período de conservación:* período legal. *Dereitos:* ten dereito de acceso, rectificación, supresión dos seus datos, e a portabilidade, limitación ou oposición, enviando un escrito ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, así como a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. *Máis información:* <https://fondogalego.gal/>

## CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06

O Departamento técnico do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade elaborou a MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO, INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS, XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO E ESPECIFICACIÓNS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06 e mais as ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, todos eles datados o 26 de setembro de 2022, constatando o cumprimento dos requisitos legais para a citada contratación.

A Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE é o órgano de contratación competente para este procedemento en aplicación do previsto no punto 7.3 do DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA).

Polo exposto, e en uso das facultades delegadas de contratación de bens, servizos e obras, atribuídas segundo o art. 15.j dos Estatutos do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e acordo da Asemblea Xeral de data 7 de abril de 2021.

Polo tanto,

### RESOLVE

1. Aprobar o expediente de contratación do SERVIZO DE DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, por un orzamento base da licitación (IVE incluído) de dez mil euros (10.000,00 €) e un valor estimado do contrato sen IVE de oito mil douscentos sesenta e catro euros con corenta e seis céntimos (8.264,46 €).
2. Aprobar as especificacións técnicas e administrativas que regularán a contratación.
3. Dispor a apertura do procedemento de adxudicación, de acordo co previsto no artigo 318 LCSP e no DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE (CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA):
  - o adxudicación directa
  - o tramitación ordinaria (non de urxencia nin de emerxencia)

Asinado na data e lugar indicados nas sinaturas electrónicas.

Asdo. Secretaria da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	VºP Presidente da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

**ACTA DE RECEPCIÓN, APERTURA DE SOBRES, AVALIACIÓN E  
ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E  
EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL  
EX2022-06**

**14 DE NOVEMBRO DE 2022**

Na Oficina Técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE en Centro Sur, R/Luís Braille nº40, 36003, Pontevedra, o 14 de novembro de 2022, ás 9:30 horas, coa participación da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, órgano de contratación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, acción contemplada dentro do proxecto People&Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea.

Asisten á xuntanza da Comisión Executiva:

<b>PERSOA</b>	<b>CARGO</b>	<b>FORMA DE ASISTENCIA (presencial/telemática)</b>
Juan González	Presidente	telemática
Araceli Bellas	Vicepresidenta	telemática
Marga Figueroa	Vogal	telemática
Luísa Feijóo	Secretaria	telemática

Escusan a súa asistencia:

<b>PERSOA</b>	<b>CARGO</b>
Daniel Fernández	Tesoureiro
Norma María Caldas	Vogal
María Loureiro	Vogal
Manuel Cerdeira	Vogal
Gumersindo Guinarte	Vogal

Asiste tamén Andrea Manuela García, técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, con voz e sen voto.

E asisten como público as representantes das seguintes licitadoras:

<b>PERSOA</b>	<b>LICITADORA</b>	<b>FORMA DE ASISTENCIA (presencial/telemática)</b>
Laura Vilar	GESTION PLUS SLU	telemática

Dada conta da única proposta recibida, procédese a abrir o arquivo único, contendo a documentación acreditativa da personalidade xurídica, o Anexo I (solicitud e declaración responsable asinada), o Anexo II (Oferta económica e doutros criterios avaliábeis de



forma automática asinada), o certificado expedido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria, o certificado expedido pola Axencia Tributaria de Galicia e o certificado expedido pola Tesorería General de la Seguridad Social, conforme ao previsto no punto oitavo do documento das PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.

Coa concorrencia da Comisión Executiva, como órgano de contratación, e presidida nesta xuntanza por Juan Antonio González Pérez, désignase á técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Andrea Manuela García, para que exerza a función de secretaria desta xuntanza, redactando a correspondente acta e dando conta de todas as propostas recibidas, comunicando á Comisión Executiva e ao público o número de propostas recibidas en forma e prazo, fóra de prazo, ou adocendo de requisitos de forma, a identidade das licitadoras, e o cumprimento dos criterios de avaliación directa, de ser o caso, co seguinte desglose:

**PROPOSTAS RECIBIDAS PARA O EX2022-06 (único arquivo), indicando no email PROPOSTA PARA SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06.**

- Proposta recibida en forma e prazo:

LICITADORA	DATA DE ENTREGA	OBSERVACIÓNS
GESTION PLUS SLU	17/10/2022	Non hai

A Comisión Executiva acorda por unanimidade declarar a admisión da proposta presentada pola seguinte licitadora:

LICITADORA 1: GESTION PLUS SLU

Antes de proceder á avaliación da proposta, convídase ás asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva.

**ARQUIVO ÚNICO**

Non formulándose ningunha, procédese, conforme ao punto 9 do PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, a examinar formalmente a documentación presentada, co seguinte resultado:

**EXAME DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA O EX2022-06**

	LICITADORA 1
NOME LICITADORA	GESTION PLUS SLU
SOLICITUDE E DECLARACIÓN	Si

<b>RESPONSABLE ASINADA (ANEXO I)</b>	
SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA	Si
SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL	Si
CERTIFICADOS AXENCIA TRIBUTARIA, ATRIGA E SEGURIDADE SOCIAL	Si
<b>OFERTA ECONÓMICA E DOUTROS CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO (ANEXO II)</b>	Si

A Comisión Executiva acorda por unanimidade declarar a corrección e admisión das propostas presentada por:

- LICITADORA 1: GESTION PLUS SLU

#### **AVALIACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Procédese a examinar as propostas e a efectuar a súa avaliación consonte cos criterios detallados no punto 10 do PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, co seguinte resultado:

CRITERIO	LICITADORA 1
	Gestión PPlus SLU
<b>1. OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>PUNTOS</b>
Obterá a máxima puntuación a oferta que presente o prezo total (cantidade base + IVE) máis favorable.	Base: SETE MIL OITOCENTOS EUROS (7.800,00 €)
O resto de ofertas serán valoradas segundo os seguintes tramos (tendo en conta a base): Entre 8.000,00 € a 7.750,01 €: 35 puntos Entre 7.750,00 € a 7.500,01 €: 36 puntos 7.500,00 € ou menos: 37 puntos	IVE: MIL SEICENTOS TRINTA E OITO EUROS (1.638,00 €) Total: NOVE MIL CATROCENTOS TRINTA E OITO EUROS (9.438,00 €) Puntos: 40
<b>2. NÚMERO DE MENÚS DIFERENTES QUE VAI REALIZAR:</b> 1,5 puntos por cada menú que se vaia elaborar alén dos catro (4) esixidos, ata un máximo de 6 puntos.	Total de 5 menús. Puntos: 1,5

<p><b>3. PERSOAL EN SITUACIÓN DE RISCO OU EXCLUSIÓN SOCIAL:</b> 2 puntos pola contratación de persoal en calquera destas situacións contratada a xornada completa en exclusiva para a execución do contrato, conforme Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (colectivos definidos no artigo 3.1 da citada lei).</p>	<p>Non Puntos: 0</p>
<p><b>4. EQUIDADE DE XÉNERO:</b> Obterán a puntuación aquelas entidades que contén con máis do 50% de mulleres na plantilla adscrita a este contrato, acreditándose por medio de declaración responsable.</p>	<p>Si. O 60% do grupo de traballo. Puntos: 2</p>
<p><b>TOTAL</b></p>	<p>43,5</p>

Á vista do anterior, a Comisión Executiva acorda por unanimidade:

1. A adxudicación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, acción contemplada dentro do proxecto People&Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea, á entidade GESTION PLUS SLU polo importe de 9.438,00€, IVE incluído, e nas demais condicións detalladas na súa proposta técnica.

Antes de proceder ao peche da sesión, convídase novamente ás e aos asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva, sen producirse ningunha.

E á vista do anterior, dáse por rematada a xuntanza ás 9:55 horas.

E para que quede constancia do tratado, redáctase a acta que se someterá á sinatura das asistentes.

Juan González

Marga Figueroa

Araceli Bellas

Luísa Feijóo



**ACTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUN DA CONTRATACIÓN  
DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE  
COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06  
14 DE DECEMBRO DE 2022**

Na Oficina Técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE en Centro Sur, R/Luís Braille nº40, 36003, Pontevedra, o 14 de decembro de 2022, ás 13:00 horas, coa participación da Comisión Executiva do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, órgano de contratación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, acción contemplada dentro do proxecto People&Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR da Unión Europea.

Asisten á xuntanza da Comisión Executiva:

<b>PERSOA</b>	<b>CARGO</b>	<b>FORMA DE ASISTENCIA (presencial/telemática)</b>
Juan González	Presidente	telemática
Marga Figueroa	Vogal	telemática
Luísa Feijóo	Secretaria	telemática

Escusan a súa asistencia:

<b>PERSOA</b>	<b>CARGO</b>
Daniel Fernández	Tesoureiro
Norma María Caldas	Vogal
María Loureiro	Vogal
Manuel Cerdeira	Vogal
Gumersindo Guinarte	Vogal
Araceli Bellas	Vicepresidenta

Asisten tamén Carmen Novas Ferradás e Andrea Manuela García, técnicas do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, con voz e sen voto.

Coa concorrencia da Comisión Executiva, como órgano de contratación, e presidida nesta xuntanza por Juan González, désignase á técnica do FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, Andrea Manuela García, para que exerza a función de secretaria desta xuntanza, redactando a correspondente acta.

Dáse conta de que na anterior reunión mantida o 14/11/2022 se procedeu á adxudicación da CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, acción contemplada dentro do proxecto People&Planet: un destino común, cofinanciado polo programa DEAR

da Unión Europea, á entidade GESTION PLUS SLU polo importe de 9.438,00€, IVE incluído, e nas demais condicións detalladas na súa proposta técnica.

Mais, unha vez solicitada á licitadora toda a documentación precisa para comprobar o cumprimento dos diferentes requisitos do contrato, compróbase que non cumpre co punto 11.3 do documento coas ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS PARTICULARES do contrato “Non se admitirá a cesión nin a subcontratación das actividades obxecto do contrato”.

Á vista do anterior, a Comisión Executiva acorda por unanimidade:

1. A inadmisión da proposta presentada por ICSEM S.L. GESTION PLUS SLU polo importe de 9.438,00€, IVE incluído, para a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE DOCE OBRADOIROS DE COCIÑA SOSTIBLE A NIVEL LOCAL EX2022-06, por non cumprir co artigo 11.3 dos pregos de contratación.
2. Proceder á contratación directa dunha licitadora que responda aos intereses da contratación para este servizo.

Antes de proceder ao peche da sesión, convídase novamente ás e aos asistentes a efectuar calquera manifestación, para deixar constancia e, se fose o caso, ser aclarada pola Comisión Executiva, sen producirse ningunha.

E á vista do anterior, dáse por rematada a xuntanza ás 13:20 horas.

E para que quede constancia do tratado, redáctase a acta que se someterá á sinatura das asistentes.

Juan A. González

Marga Figueroa

Luísa Feijóo